



PLAN DIXITAL

CEIP DOS MUÍÑOS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro	CEIP Os Muíños
Enderezo	Os Muíños s/n Moraime. 15125. Muxía. (A Coruña)
Correo-e	ceip.osmuinhos@edu.xunta.gal
Páxina web	Edu.xunta.gal/centros/ceiposmuinhos
Etapas educativas	Esducación Infantil e Primaria
N.º de alumnado	118
N.º profesorado	15

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Os Muíños está situado no lugar do mesmo nome na parroquia de Moraime, e a 4 km da capital do Concello, Muxía. Recibe alumnado das parroquias de A O, Leis, San Martiño de Ozón, Moraime e Muxía (desta última a partir de 3º EP). Ao tratarse dun núcleo rural, os servizos radican na Vila.

No entorno conviven diferentes modalidades de actividade económica e incluso social: existen vivendas abandonadas ou pechadas, o que nos leva a pensar na emigración; hai tamén casas que se mostran avellentadas e nas que non existen expectativas de sucesión, o que nos indica que os máis mozos abandonan o campo e as actividades máis artesanais; hai explotacións gandeiras; algunhas unidades familiares combinan os ingresos agropecuarios con outras actividades non relacionadas co campo; e, por último, existen unidades familiares nas que os ingresos principiais non proveñen nin da agricultura, nin da gandería, nin do mar como fonte principal.

A maioría das empresas corresponden ós sectores agrícola-gandeiro, forestal e pesqueiro, dirixidas por empresarios individuais ou de pequena empresa. Non existen grandes empresas, e poucas medianas, polo que a oferta de traballo é moi escasa.

Nos últimos anos incrementouse a actividade turística no concello, collendo moito auxe o turismo rural e a afluencia de peregrinos polo Camiño de Santiago ó ser Muxía un dos destinos finais da Ruta Xacobeá.

En dous dos obxectivos do PEC faise referencia de xeito explícito á necesidade do emprego das ferramentas dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe. En concreto neste dous:

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

No centro existe unha cultura de participación en actividades de innovación educativa dende hai moito tempo. Deste xeito, participamos no proxecto E-dixgal dende a primeira convocatoria do mesmo, traballamos co proxecto Snappet de tabletas dixitais dende o curso 20-21, contamos con biblioteca creativa dende o pasado curso e con biblioteca inclusiva con material tecnolóxico adaptado. Tamén estamos no proxecto ELBE (biblioteca dixital) dende hai varios anos. No marco da emerxencia sanitaria elaborouse un plan de ensino virtual. Ademais, o centro está certificado na rede de Calidade por Aenor dende o ano 2008, mantendo a certificación baixo a norma UNE-EN ISO 9001:2015, mediante auditoría anual realizada por esta empresa.

Na PXA do curso 22-23 teranse en conta os obxectivos formulados neste plan para dar cumprimento á temporalización establecida.

Co plan dixital pretendemos:

- Continuar dinamizando e impulsando o uso das TIC no Centro.
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Canalizar o mantemento dos equipamentos informáticos e audiovisuais, contando co apoio do asesor TIC da zona, UAC e Servizo Premium.
- Dar soporte ao profesorado sobre o uso didáctico do equipamento informático do centro.
- Dar formación a profesorado e alumnado durante os meses de setembro e outubro no referente á aula virtual para preparalos para unha posible situación de ensino non presencial.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixitalgal da zona do equipo Adix Vimianzo, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. Todo foi consensuado no equipo coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e o coordinador do Plan Dixital.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía en canto a tempo a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaborouse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Nas aulas de infantil e primaria, PT, AL, Música, Inglés e Relixión hai un ordenador (portátil ou de sobremesa) con proxector. En 5º e 6º de primaria (proxecto E-dixgal) dispoñemos de EDI e portátiles para o alumnado e o profesorado. Nunha aula de infantil, noutra de primaria, na de PT e na de Inglés, tamén se dispón de EDI. Nos despachos de administración (Secretaría, Dirección e Xefatura de Estudos) hai un equipo conectado a impresora. Na sala de mestres dispoñemos tamén dun equipo de sobremesa con conexión a impresora aínda que precisa ser renovado. No comedor tamén hai un posto con conexión wifi. Na biblioteca hai dous ordenadores de sobremesa para xestión de fondos e postos para alumnado (dous deles con monitor, teclado e rato adaptados). Dispoñemos dunha aula Snappet portátil con tablets para compartir en tres niveis de primaria.

O centro dispón dos seguintes Servizos dixitais educativos: páxina web do centro, aula virtual, EVA do proxecto E-Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóbil. Todos estes sitios. Así como os blogs de aula, da biblioteca o do sistema de mellora están direccionados dende a páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposmuinhos/>

O centro conta cunha conexión a internet coas características seguintes: Conectividade Radio enlace con Orange con ancho de banda > 100 Mb/s con infraestrutura de datos, pois o colexio non

está cableado. En canto a datos dispoñemos dunha rede wifi integral, xa que participamos no proxecto de Aulas Conectadas.

É un centro Abalar, e polo tanto, as aulas de Abalar, así como as áreas administrativas e biblioteca dispoñemos dunha rede cableada.

O ancho de banda que temos supera os 100 mb/s para poder participar en todos os proxectos da Administración. En todo caso está proxectada a instalación dunha rede con fibra a 1Gb/s con Movistar no futuro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.6
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.8
	Alumnado	3.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.7
	Alumnado	4.6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.9
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	4.1
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.5
	Alumnado	4

G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.4
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	3.7
	Alumnado	4.4

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	9	77.8%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	3	4	75%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO/OUTROS	0	1	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76.8	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	61.3	Explorador/a (A2)	68.2	Integrador/a (B1)
Pri.	93.2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-

A2	4	33.3%
B1	6	50%
B2	1	8.3%
C1	1	8.3%
C2	-	-
TOTAL	12	99.9%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	C2-C8-C10: No centro existen dispositivos dixitais suficientes para o profesorado e o alumnado para ensinanza aprendizaxe.	- A conexión a internet no centro é lenta
	PERSOAL DOCENTE	D2: Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de PDC no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais. E1: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña. E4: Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo. - Persoal docente establece moi comprometido cos proxectos do centro. - Utilización frecuente da tecnoloxía na aula por parte do profesorado.	A4: O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. D3: O equipo directivo afirma que o profesorado non ten posibilidade de compartir experiencias dentro do centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. F6: Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non fomentan a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL NON	- Entre o equipamento da	

	DOCENTE	Cociña do centro hai un ordenador con conexión a internet e un robot de cociña con conexión.	
	ALUMNADO	H1: A comunidade educativa considera que no noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet. H3: A comunidade educativa considera que no centro o alumnado aprende a actuar de forma responsable en internet.	
	FAMILIAS	- Comunicación coa comunidade educativa empregando Abalar Móbil. - Poden facer seguimento das tarefas dende o EVA en Edixgal.	- Baixa competencia dixital das familias
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A2: O equipo directivo implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro. C16: O profesorado afirman que existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe. - Promoción dende o equipo directivo do emprego de software libre. - Páxina web actualizada e dinámica	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado. -A administración educativa aposta polo Plan Dixital. -A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas. -Temos a nosa disposición a figura de mentor Adix para a elaboración do plan dixital.	- Parte da plantilla (+/-50%) non é estable e cambia cada ano. - A conexión a internet no centro é lenta. -As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva. - O Centro ten que suplir a provisión de equipos por parte da administración coa compra dos mesmos con recursos propios

	LEXISLACIÓN		- Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.
	CONTORNA		- Rede da zona con pouca capacidade en zonas rurais que impiden a formación online.
	ANPA	- Boa disposición da ANPA	
	OUTRAS ENTIDADES	- Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado.	B3: O profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outras entidades. B4: O profesorado non colabora con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

"Área/s de mellora": B. Colaboración e redes.							
OBXECTIVO 1	(B4) Usar as ferramentas dixitais como forma de colaboración co IES ao que estamos adscritos.					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Profesorado de sexto E.P. que utiliza a ferramenta dixital seleccionada para cubrir os informes do alumnado que promociona ao IES						
Valor de partida	0 profesores que empregan a ferramenta						
Valor previsto e data	O 100% do profesorado de sexto emprega a ferramenta				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A01.1: Elaborar o modelo de informe.	Equipo docente de sexto E.P.	20/12/22	Modelos previos existentes e aportacións do profesorado participante.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Alojar o modelo na aula virtual do centro.	Responsable TIC	05/04/23	Aula virtual, contrasinais e modelo elaborado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Cumprimentar os informes e compartilos co departamento de orientación do IES.	Titores de sexto	30/06/23	Equipos informáticos e conexión a internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 2	(E2) Crear recursos dixitais na plataforma Educaplay para levar a cabo na práctica docente					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Tic e claustro do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Diversidade de tipos de recursos dixitais creados polo profesorado						
Valor de partida	0 tipos de recursos dixitais na plataforma Educaplay						
Valor previsto e data	10 tipos de recursos dixitais na plataforma Educaplay				30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A03.1: Contratación do servizo da plataforma de contidos dixitais Educaplay	Directora e Responsable TIC	30/09/22	Orzamento e modelo de contratación do servizo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Formación sobre creación de recursos na plataforma Educaplay.	Responsable TIC	20/12/22	Aula con equipamento E-dixgal		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Elaboración de recursos dixitais	Profesorado participante	30/06/22	Aula con equipamento E-dixgal e ordenadores persoais do profesorado.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O posto de Dirección está constituído por un ordenador de sobremesa que dá problemas e precisa ser substituído.

Precísase un EDI novo nunha aula de infantil xa que o existente non funciona.

A Wifi do centro non chega ao ximnasio e sería preciso un repetidor para dispoñer dela nese espazo educativo.

Precisaríamos unha renovación de polo menos 6 equipos do profesorado con portátiles novos.

Tamén sería precisa unha renovación do equipamento do alumnado E-dixgal xa que gran parte del está no seu 5º ano de uso e con problemas de duración das baterías, o que implica o emprego de cargadores na aula.

Tamén sería preciso reparar un armario de carga que presenta fallos na conexión á rede eléctrica e que quedou desatendido do Servizo Premium por obsoleto.

Ademáis sería preciso mellorar o campo de atención e o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración. Algúns equipos están a presentar problemas de obsolescencia (proxectores) e precisan ser renovados.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final de cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase unha revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.